

Resolución do 31 de marzo de 2020, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se adapta a cobertura dos servizos mínimos da Administración de xustiza ao Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo de 2020

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, adoptou unha serie de medidas restritivas respecto da mobilidade dos cidadáns. Como consecuencia, no ámbito da Administración de xustiza acordáronse, entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado e o Ministerio de Xustiza, os servizos esenciais que deberían ser cubertos en todo caso, reducindo así o número de funcionarios que debía desprazarse diariamente para realizar de xeito presencial o seu traballo.

Estas medidas restritivas víronse ampliadas polo Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, que limita os movementos persoais para o desempeño do traballo aos mínimos declarados esenciais durante o estado de alarma. Esta nova resolución pretende aliñarse co obxectivo do citado real decreto lei para evitar a propagación do virus, reducindo así os contaxios.

Con todo, o servizo público de Xustiza esixe garantir a ineludible prestación de determinados servizos á cidadanía, aínda que na situación extraordinaria na que nos atopamos, esta presenza física debe reducirse ao mínimo para cohonestar a prestación do servizo coas recomendacións das autoridades sanitarias. Por estes motivos, faise necesario adaptar a prestación de servizos esenciais na Administración de xustiza ao novo escenario que determina o Real decreto lei 10/2020.

O Ministerio de Xustiza, de forma coordinada coas Comunidades Autónomas con competencias transferidas; logo de realizar consultas co Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado e o Consello Xeral da Avogacía Española; e de conformidade coas recomendacións da autoridade central sanitaria, aprobou o 30 de marzo de 2020 unha resolución pola que adapta a cobertura de servizos esenciais da Administración de xustiza ao Real decreto lei do 29 de marzo de 2020. Así pois, faise necesario trasladar a dita resolución aos servizos mínimos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para o cal se adoptan as seguintes disposicións consonte o acordado polo Ministerio de Xustiza:

Primeira. Prestación do servizo público de Xustiza.

Mantense a prestación dos servizos esenciais na Administración de xustiza fixados na Resolución do Secretario de Estado de Xustiza con data do 14 de marzo de 2020, de acordo coas resolucións do Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado, recolleitos no caso de Galicia nas resolucións da Dirección Xeral de Xustiza do 15 e 24 de marzo de 2020.



Segunda. Mantemento de dotacións de persoal.

As dotacións de persoal necesarias para atender os servizos esenciais durante a vixencia do estado de alarma son as recollidas na Resolución do 24 de marzo de 2020, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se complementa e desenvolve a Resolución do 15 de marzo de 2020 na que se determinan os servizos mínimos esenciais na Administración de xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19.

<https://ficheiros-web.xunta.gal/exustiza/coronavirus/resolucion-DXX-24marzo-servizos-minimos.pdf>

Terceira. Réxime de presenza.

Deben prestarse en réxime presencial, nos termos e número de persoas fixados na resolución de servizos mínimos esenciais do pasado 24 de marzo, os seguintes servizos:

- a) Os servizos de xulgado de garda en todos os partidos xudiciais, así como as gardas de fiscalías de menores alí onde existan. Estes servizos realizaranse, sempre que sexa posible, mediante videoconferencia ou calquera outro dispositivo ou aplicación informática que permita a comunicación bidireccional segura de datos ou, de ser necesario, de imaxe e/ou son, para os efectos de evitar traslados de detidos, profesionais ou outras persoas ás sedes xudiciais para a práctica das dilixencias que haxa que realizar.
- b) As ordes de protección e calquera medida cautelara en materia de violencia sobre a muller. Estes servizos prestaranse na mesma forma exposta para os xulgados de garda.
- c) As actuacións de Rexistro Civil declaradas esenciais na Resolución do 18 de marzo de 2020, nos termos aprobados polo protocolo do 27 de marzo, con especial atención á expedición de licenzas de enterramento.
- d) As actuacións urxentes en causas con preso. Para estes casos fomentárase especialmente a utilización da videoconferencia ou de calquera outro dispositivo ou aplicación informática que permita a comunicación bidireccional segura de son e imaxe, para os efectos de evitar, en canto sexa posible, traslados de presos ás sedes xudiciais para a práctica das dilixencias que haxa que realizar con eles.

Cuarta. Réxime de dispoñibilidade.

O persoal que estando a cargo dos servizos declarados esenciais, ou correspondéndolles estes por substitución ordinaria, non deba, conforme a presente resolución, acudir ás sedes xudiciais terá que estar durante a súa xornada laboral localizable e dispoñible para acudir ao xulgado o máis axiña posible no caso de que sexa



requirido para a prestación de calquera servizo que non poida ser prestado á distancia ou para calquera incidencia que se poida presentar.

Con esta finalidade, os secretarios coordinadores provinciais ou, se for o caso, a Secretaría de Goberno, de forma coordinada cos órganos competentes da Comunidade Autónoma, deberán ter en todo momento ao seu dispor a listaxe de letrados da Administración de xustiza e resto de funcionarios aos que lles corresponda en cada quenda garantir a cobertura do servizo en todos os partidos xudiciais do seu territorio, e adoptarán as medidas necesarias para que, preferentemente á distancia, ou na súa falla desprazando o menor número posible de funcionarios, o servizo sexa prestado. A mesma obriga asumirán os fiscais xefe de cada provincia respecto do persoal das fiscalías.

Quinta. Presenza básica en sede xudicial ou fiscal.

En todo caso, garantirase que en cada sede xudicial ou fiscal na que non exista un servizo de garda haxa polo menos un funcionario dos corpos xerais da Administración de xustiza en réxime de presenza física durante as horas de audiencia pública. Este funcionario coordinará as actuacións de rexistro, de repartición e de decanato, para os efectos de asegurar a correcta prestación dos servizos.

Deste xeito, deberá de asistir en réxime de presenza física ás sede dos tribunais colexiados, ou das fiscalías onde non exista un servizo de garda, un funcionario dos que habitualmente se encargan das tarefas de rexistro e repartición.

Todo o restante persoal que non deba acudir ás sedes xudiciais, terá que estar durante a súa xornada laboral localizable polo xuíz/a, letrado/a da Administración de xustiza ou fiscal e dispoñible para acudir á sede xudicial o máis axiña posible no caso de que sexa requirido para a prestación de calquera servizo ou para calquera incidencia que se poida presentar.

Sexta. Desprazamentos de profesionais.

De conformidade coa Resolución do Ministerio de Xustiza do 30 de marzo de 2020, pola que se adapta a cobertura de servizos esenciais da Administración de xustiza ao Real decreto lei 10/2020 do 29 de marzo de 2020, aqueles profesionais da Administración de xustiza que prestan os servizos esenciais fixados de común acordo polo Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado e o Ministerio de Xustiza, en coordinación coas Comunidades Autónomas con competencias transferidas, atópanse autorizados para efectuar os desprazamentos necesarios a fin de desempeñar a súa actividade laboral de conformidade con esta resolución. Esta autorización comprende, do mesmo xeito, os desprazamentos necesarios de avogados e procuradores ás dependencias nas que exercen o dereito de representación e de defensa:





1. Sedes xudiciais.
2. Comisarías ou calquera outro centro de detención ou internamento.
3. Centros penais.
4. Despachos profesionais.

O desprazamento destes profesionais da Administración de xustiza autorízase así mesmo para o asesoramento de persoas físicas e xurídicas asociado ao cumprimento das súas obrigas tributarias e á tramitación de expedientes de regulación temporal de emprego.

A presente resolución producirá os seus efectos desde o momento da súa sinatura.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2020

O director xeral de Xustiza

Juan José Martín Álvarez

